

**PROGRAMA DE AXUDAS PREDOUTORAIS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A REALIZACIÓN DE TESES DE DOUTORAMENTO NO MARCO DOS GRUPOS DE INVESTIGACIÓN DO INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO (IDIS).**

**CONVOCATORIA 2017**

**1. OBXECTO**

O obxecto destas axudas é a formación de investigadores en Biomedicina e Ciencias da Saúde, mediante a concesión, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, de axudas predoutorais para a realización de teses de doutoramento no marco dos Grupos de Investigación pertencentes ao Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS).

**2. BENEFICIARIOS**

A convocatoria está dirixida a titulados/as universitarios/as que desexen desenvolver a súa tese de doutoramento no eido da Biomedicina e as Ciencias da Saúde mediante a súa integración en Grupos de Investigación pertencentes ao IDIS.

**3. REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

Para seren admitidos ao proceso selectivo, os aspirantes deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e manter ata o momento da formalización do contrato de traballo, os seguintes requisitos de participación:

**3.1. Atoparse nalgunha das seguintes circunstancias:**

- a) Ter nacionalidade española.
- b) Ter nacionalidade de calquera dos demais Estados membros da Unión Europea ou, se é o caso, dalgún outro país ao cal en virtude de tratados internacionais celebrados coa Unión e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores e traballadoras nos termos en que esta se atopa definida no Tratado da Unión Europea.
- c) Ter nacionalidade de terceiros Estados non incluídos nos supostos anteriores, sempre que cumpran os requisitos esixidos sobre a normativa sobre dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España. Para formalizar o contrato deberá contar cos permisos necesarios de traballo ó peche da convocatoria.

**3.2. Capacidade legal: ter capacidade para contratar a prestación do seu traballo, de acordo co previsto no artigo 7 do Estatuto dos traballadores.**

**3.3. Titulación e especialidade: Estar matriculado nun programa de doutoramento dunha universidade do Sistema Universitario de Galicia o que deberá acreditarse mediante certificación da universidade correspondente.**

**3.3.1. A data de finalización dos estudos para a obtención do título universitario de licenciado/a, graduado/a ou equivalente que dean acceso aos estudos de máster universitario debe ser posterior ao 1 de xaneiro de 2013.**

**3.3.2. Excepcionalmente, admitiranse finalizacións dos estudos sinalados no apartado precedente posteriores ao 1 de xaneiro de 2011 nos seguintes casos:**

- a) Os/as licenciados/as ou graduados/as en medicina, farmacia, bioloxía, química ou psicoloxía que, na data de peche do prazo de presentación de solicitudes, estean en posesión do título oficial de especialidade médica (MIR) ou farmacéutica (FIR) ou conten co certificado oficial de especialidade en bioloxía (BIR), química (QUIR) ou psicoloxía (PIR).

- b) Os/as titulados/as que acrediten fidedignamente algunha das seguintes circunstancias concorrentes entre o 1 de xaneiro de 2011 e o 1 de xaneiro de 2013: baixa maternal ou paternal, que teñan a cargo menores de 3 anos, que teñan baixo a súa dependencia directa e legal e vivindo ás súas expensas cónxuxe, fillos ou ascendentes de 1º grao de consanguinidade ou afinidade, ou suxeitos a un réxime de tutela ou acollemento acordado por sentenza xudicial firme, persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial, recoñecidos como tales e cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%.
- 3.4. Compatibilidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- 3.5. Non poderán ser candidatos/as aquelas persoas que xa gocen ou gozaran doutras axudas de similares características, calquera que sexa a súa orixe, nin quen xa estea en posesión do título de Doutor.

#### 4. SOLICITUDES

- 4.1. Os candidatos que desexen participar neste proceso selectivo deberán cubrir os modelos que figuran como anexos a esta convocatoria e que estarán dispoñibles en internet no enderezo [www.idisantiago.es](http://www.idisantiago.es).
- 4.2. As candidaturas serán presentadas polo Grupo de Investigación do IDIS no que se vaia a integrar o/a candidato/a, cos seguintes requerimentos:
- a) A proposta deberá ser realizada por un Doutor (director/a de tese do candidato/a), membro dun Grupo de Investigación do IDIS.
  - b) Non se poderá presentar máis dunha candidatura por Grupo de Investigación.
  - c) Non poderán presentar candidaturas aqueles Doutores, membros dun Grupo do IDIS, que sexan Directores ou Codirectores de Tese dalgún dos beneficiarios da Convocatoria de Axudas Predoutorais do ano 2016 do IDIS.
  - d) Só se valorará un director/a de tese por candidatura
- 4.3. As solicitudes dos candidatos deberán estar formalizadas nos modelos que a continuación se describen:
- a) Anexo1.ModeloFormulariodeSolicitud.
  - b) Anexo2.ModeloCurriculumVitaeCandidato.
  - c) Anexo3.ModeloCurriculumVitaeDirectorTese.
  - d) Anexo4.ModeloMemoriaProxectoTese.
  - e) Anexo5.ModeloXustificacionValorEstratéxicoProposta.
- 4.4. A presentación das solicitudes realizarase en formato electrónico, acompañada da seguinte documentación:
- a) Copia do documento acreditativo de identidade do candidato.
  - b) Copia do documento que acredite a matriculación no programa de doutoramento.
  - c) Copia da certificación académica detallada do título de licenciado, grao ou equivalente que lle deu acceso aos estudos de máster, na que aparezan todas as cualificacións académicas obtidas pola/o solicitante, así como a cualificación media en base 10, e a data na que o/a candidato/a rematou os seus estudos. Se fose o caso, acreditación dos supostos contemplados no apartado 3.3.2.
  - d) Declaración asinada polo candidato na que manifieste o cumprimento do punto 3.5.
- 4.5. A documentación presentarse por correo electrónico ao enderezo: [axudaspredoutorais2017@idisantiago.es](mailto:axudaspredoutorais2017@idisantiago.es).

- 4.6. Os méritos que sendo alegados non sexan xustificados documentalmente en formato electrónico, e enviados coa solicitude á dirección sinalada na base 4.5., non serán tomados en consideración.
- 4.7. O prazo de solicitudes iniciárase o 20 de novembro e rematará o 04 de decembro de 2017 ás 14h horas GMT.
- 4.8. A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do aspirante.

## 5. ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

- 5.1. Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, a dirección científica do IDIS aprobará a listaxe de aspirantes admitidos e excluídos. Na devandita listaxe, que deberá publicarse no taboleiro de anuncios da Fundación Ramón Domínguez, sinalárase un prazo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, para corrixir o defecto que motivou a exclusión.
- 5.2. Finalizado o devandito prazo, no caso de que se produzan modificacións, estas expóranse nos mesmos lugares en que se expuxeron as relacións iniciais.

## 6. ÓRGANOS DE SELECCIÓN

- 6.1. Os órganos de selección da presente convocatoria de axudas son os que a continuación se sinalan:
  - a) A “Secretaría Técnica”, que estará formada polo técnico de promoción da investigación, técnico administrativo e técnico de xestión da calidade do IDIS.
  - b) O “Comité de Avaliación”, estará formado por cinco membros, a saber: o Director Científico do IDIS, que presidirá o Comité (substituído, no caso de que presente candidato, por un Coordinador de Área en quen delegue e que non presente candidato nesta convocatoria; no caso de que todos os coordinadores de área presentasen candidato, delegará nun líder de grupo que non presente candidato), o director científico do CIMUS (substituído, no caso de que presente candidato, por un IP nomeado polo director do IDIS), a directora da Fundación Ramón Domínguez, o presidente da Comisión de Investigación e o presidente da Comisión de Formación. No caso de que o presidente da Comisión de Investigación ou o presidente da Comisión de Formación presenten candidatos nesta convocatoria, serán substituídos por 2 membros de ditas comisións nomeados polo Director Científico do IDIS. A técnica de xestión da calidade do IDIS actuará como secretaria da comisión sen voto. A relación nominal dos seus membros farase pública no taboleiro de anuncios da Fundación Ramón Domínguez no momento de resolución da convocatoria.
- 6.2. Para os efectos de comunicacións e demais incidencias, poderán dirixirse á secretaria técnica do IDIS.

## 7. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

- 7.1. As solicitudes admitidas serán valoradas con base aos dous apartados seguintes:

7.1.1. **APARTADO 1 (ATA UN MÁXIMO DE 50 PUNTOS).** Valoraranse os méritos presentados conforme ó seguinte baremo:

- a) **EXPEDIENTE:** (ata un máximo de 20 puntos) distribuídos da seguinte maneira:  
[<5,5: 0 pts][ ≥5,5 - 6,5: 10 pts][ >6,5 - 7,5: 13 pts][ >7,5 - 8,5: 15 pts][ >8,5 - 9,5: 17 pts] [>9,5 - 10: 20 pts].

- b) **CV DO CANDIDATO** (ata un máximo de 15 puntos) distribuídos da seguinte maneira:
- Ter desfrutado dunha bolsa de colaboración nun departamento universitario: **2,5 puntos.**
  - Obtención de Premio Extraordinario Fin de Carreira da súa universidade: **1,5 puntos.**
  - Publicacións indexadas no JCR 2016, nas que figure como autor: ata un **máximo de 5 puntos.**
  - Contribución a congresos nacionais e internacionais: ata un **máximo de 3 puntos.**
  - Cursos relacionados co obxecto da convocatoria (investigación en áreas de saúde, biomedicina, metodoloxía, análise de datos...): ata un **máximo de 3 puntos.**
- c) **CV DO DIRECTOR** (ata un máximo de 15 puntos). Neste apartado, os datos farán referencia ó período 2013-2017.
- Publicacións: Selección de 10 publicacións (orixinais, editoriais ou revisións) como primeiro ou último autor. As publicacións deberán estar indexadas no JCR 2016: ata un **máximo de 9 puntos.**
  - Proxectos de investigación en convocatorias de concorrencia competitiva nos que figure como investigador principal: ata un **máximo de 3 puntos.**
  - Teses dirixidas e lidas antes do peche da convocatoria: ata un **máximo de 3 puntos.**

**7.1.2. APARTADO 2 (ATA UN MÁXIMO DE 50 PUNTOS).** Valoraranse os méritos presentados conforme ó seguinte baremo:

- a) **O PROXECTO DE TESE**, incluírá os seguintes apartados: Análise da situación actual, Hipótese, Obxectivos e Plan de traballo, segundo a súa descrición no anexo 4 desta convocatoria: ata un **máximo de 25 puntos.**
- b) **O VALOR ESTRATÉXICO DA PROPOSTA** para o IDIS: ata un **máximo de 25 puntos.** Neste apartado considerarase entre outros aspectos, e a xuízo do comité de avaliación, que o director/a de tese xestione a súa actividade investigadora a través da Fundación Ramón Domínguez.

- 7.2. Para que unha candidatura poida ser adxudicataria dunha das axudas solicitadas deberá ter unha valoración superior ao 50% da puntuación máxima posible no apartado 2 (base 7.1.2.)
- 7.3. O proceso de avaliación realizarase en dúas fases: primeira fase, valoración por parte da secretaría técnica do IDIS do apartado 7.1.1. da presente convocatoria; e segunda fase, valoración por parte do Comité de Avaliación do apartado 7.1.2. da presente convocatoria. O Comité só realizará avaliacións das sete (7) candidaturas que obtiveran maior puntuación no apartado 1 (base 7.1.1.).

- 7.4. O Comité de Avaliación, á luz das avaliaci3ns do apartado 1 e o apartado 2, elaborará unha lista de cinco (5) candidatos seleccionados e alomenos dous (2) candidatos en reserva, ordenados de maior a menor puntuaci3n, dacordo co establecido na presente base. A puntuaci3n obtida será a que se obteña de sumar as valoraci3ns correspondentes dos apartados 1 e 2, agás os candidatos que non obtiveran a puntuaci3n mínima establecida nos termos sinalados na base 7.2.

## **8. SUPERACI3N DO PROCESO SELECTIVO**

- 8.1. Finalizado o proceso selectivo, o presidente do Comité de Avaliaci3n elevará á Direcci3n da Fundaci3n Ramón Domínguez a proposta de relaci3n de adxudicatarios que obteñan a cualificaci3n esixida para superar o proceso selectivo, por orde de puntuaci3n, de maior a menor, e una lista de dous candidatos de reserva. A devandita resoluci3n farase pública no seu taboleiro de anuncios e notificarase ós incluídos na devandita resoluci3n como adxudicatarios.
- 8.2. Os adxudicatarios propostos na relaci3n disporán dun prazo de cinco días hábiles a partires da notificaci3n da adxudicaci3n para a presentaci3n da seguinte documentaci3n:
- a) Orixinal ou copia debidamente compulsada dos documentos acreditativos de cumprir os requisitos a que se refire a base 3.
  - b) Certificado médico oficial expedido polo centro facultativo correspondente ou, no seu defecto, polos centros homologados ao respecto de non padecer enfermidade nin limitaci3ns físicas ou psíquicas que o imposibiliten para o desempeño da praza para a cal sexa seleccionado.
  - c) Declaraci3n xurada ou promesa de non ter sido obxecto de expediente disciplinario algún.
  - d) Declaraci3n xurada de non estar afectado por incompatibilidades coa actividade que vai a desempeñar.
  - e) Os aspirantes que sexan nacionais da Unión Europea ou de Noruega ou de Islandia e que non residan en España deberán presentar fotocopia compulsada do xustificante de ter solicitado a tarxeta de residencia comunitaria, no caso de que non a tivesen que presentar no momento de presentar a solicitud de participaci3n.
  - f) Fotocopia compulsada do título esixido na convocatoria.
- 8.3. Recibida a documentaci3n que se relaciona na base 8.2, a Fundaci3n Ramón Domínguez procederá a formalizar o correspondente contrato laboral temporal.
- 8.4. No caso de que os candidatos propostos non presenten a documentaci3n correspondente o posto adxudicarase aos seguintes candidatos/as, polo seu orde, da lista de reserva á que se refire a base 8.1.
- 8.5. Se unha vez formalizado o contrato, o traballador causa baixa, poderase substituír polo seguinte candidato da lista á que se refire a base 8.1 sempre que a Direcci3n da Fundaci3n Ramón Domínguez e o Director Científico do IDIS o considere conveniente.

## **9. INCORPORACI3N, DURACI3N, PERÍODO DE PROBA E IMPORTE DO CONTRATO**

- 9.1. A incorporaci3n ao traballo efectuarase na data que se determine no momento da formalizaci3n do contrato e que nunca será antes do 1 de xaneiro de 2018.
- 9.2. A data de incorporaci3n será comunicada pola Fundaci3n Ramón Domínguez aos adxudicatarios. A non incorporaci3n no prazo dun mes a contar dende a data comunicada será contemplada como causa de incumprimento nos termos establecidos no artigo 11.3 desta convocatoria.
- 9.3. A duraci3n máxima do contrato será de trinta e seis (36) meses, e en ningún caso se estenderán temporalmente máis alá do 31 de decembro de 2020, calquera que sexa a súa data de inicio.
- 9.4. Os/as beneficiarios/as serán adscritos laboralmente á Fundaci3n Ramón Domínguez baixo a modalidade de "Contrato Predoutoral", única e exclusivamente polo tempo de duraci3n

sinalado; en consecuencia, entenderase por tempo limitado a duración dos traballos para cuxa execución se realiza o contrato, e, por conseguinte, a relación de emprego terá carácter temporal, conforme o establecido no artigo 15.1.a) do Estatuto dos traballadores, segundo a redacción dada pola Lei 35/2010, do 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo.

- 9.5. Tras a incorporación deberá superarse o período de proba regulado no artigo 14 do Estatuto dos traballadores.
- 9.6. A dotación total anual para cada contrato será de VINTEDOUS MIL EUROS (22.000.- €), distribuídos en doce mensualidades, e destinaranse a aboar o salario do/da beneficiario/a e a cota patronal da Seguridade Social.

## **10. SEGUIMENTO DO CONTRATO: MEMORIAS ANUAIS E FINAL**

10.1. O seguimento anual das axudas realizarase mediante a presentación de memorias anuais consonte ás seguintes normas:

10.1.1. Os/as beneficiarios/as da axuda presentarán anualmente, un mes antes da data de finalización de cada ano de percepción da axuda, unha “memoria de seguimento” que contemple os seguintes aspectos:

- a) Extensión máxima: 1.000 palabras.
- b) Contido: Descrición das actividades desenvolvidas no seu programa de formación, resultados acadados durante ese período, grao de cumprimento do plan de traballo e plan de traballo previsto para o ano seguinte.
- c) Formalización: A memoria deberá estar asinada polos/as beneficiarios/as das axudas e co Visto e Prace do seu Director/a de Tese .

10.1.2. A “memoria” presentarase en formato electrónico que se enviará á dirección de correo: [axudaspredoutorais2017@idisantiago.es](mailto:axudaspredoutorais2017@idisantiago.es)

10.1.3. Un mes antes do remate de cada ano de percepción da axuda, o/a Director/a de Tese emitirá un informe no que se farán constar expresamente os progresos realizados na formación investigadora do/a beneficiario/a durante ese ano, dando expresamente unha valoración da actividade desenvolvida. Este informe presentarase en formato electrónico e enviarase á dirección de correo: [axudaspredoutorais2017@idisantiago.es](mailto:axudaspredoutorais2017@idisantiago.es)

10.1.4. As memorias de seguimento, xunto cos Informes do Director/a de Tese, serán examinados polo Comité de Avaliación, que poderá solicitar a información adicional que considere necesaria. O Comité de Avaliación, á vista de toda a información dispoñible, elaborará a correspondente proposta favorable ou desfavorable de prórroga da axuda.

10.1.5. No prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao remate da axuda, as/os beneficiarias/os presentarán unha “memoria final” consonte ás seguintes normas:

- a) Extensión máxima: 2.000 palabras.
- b) Contido: Descrición da totalidade do traballo realizado e os seus resultados, facendo especial referencia aos resultados da tese de doutoramento e aos obxectivos acadados co programa de formación.
- c) Formalización: A memoria deberá estar asinada polos/as beneficiarios/as das axudas e co Visto e Prace do seu Director/a de Tese.
- d) Esta memoria virá necesariamente acompañada dun Informe do/a Director/a de Tese

## **11. RENOVACIÓN, RENUNCIAS E REVOGACIÓN: CONDICIÓN**

- 11.1. A duración máxima dos contratos, que será de trinta e seis (36) meses, estará en todo caso condicionada ao resultado da avaliación das memorias anuais de seguimento.
- 11.2. A renovación e mantemento dos contratos estará a expensas de que non existan informes desfavorables sobre o/a beneficiario/a por parte do seu Director/a de Tese ou do Comité de Avaliación.
- 11.3. Consideraranse “baixas” as non incorporacións, xa sexa ao comezo da axuda ou tras unha interrupción, así como aquelas solicitadas a instancias dos/as beneficiarios/as.
- 11.4. As renuncias deberán ser notificadas inmediatamente polo beneficiario/a ao Director/a de Tese e á Dirección Científica do IDIS, debendo acompañarse dun informe correspondente ás actividades realizadas ata a data da renuncia, co visto e prace do/a Director/a de Tese. A renuncia terá efectos económicos e administrativos a partir do día seguinte ao seu recoñecemento pola Fundación. Cando se produza algunha renuncia nos seis (6) meses seguintes á adxudicación do contrato, o seu lugar poderá ser ocupado polo/a candidato/a que figure na lista de reserva segundo a puntuación obtida na avaliación. Neste caso a duración do contrato tampouco se estenderá temporalmente máis alá do 31 de decembro de 2020.
- 11.5. Durante o período de contrato, a suspensión do mesmo, en virtude das causas previstas nos artigos 45 e 46 do Estatuto dos Traballadores, non suporá a ampliación da duración do contrato, excepto nas situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactación e paternidade que interromperán o cómputo do contrato, de acordo co Art. 11 do Estatuto dos Traballadores, reformado pola Lei 35/2010 de 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, no seu artigo 12.
- 11.6. Os contratos poderán ser revogados mediante resolución do Comité de Avaliación, previo informe desfavorable dos/as directores/as de tese.

## **12. DEREITOS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO**

- 12.1. O contrato financiado con cargo a esta convocatoria é incompatible coa vixencia de calquera outro contrato laboral por parte do investigador contratado.
- 12.2. O traballador levará a cabo as funcións obxecto do contrato que lle sexan encomendadas seguindo as directrices do responsable do IDIS baixo cuxa dependencia desenvolva o traballo, debendo seguir á orientación do desenvolvemento do proxecto e á forma de realizar a prestación de servizos.
- 12.3. O traballador poderá tamén asistir a conferencias, congresos, cursos e demais actos, docentes ou non docentes, que estean vinculados co proxecto de investigación para o cal presta servizos, quedando estas actividades incorporadas á obra determinada, obxecto dos contratos. Queda excluída expresamente a realización por parte do traballador doutra prestación de servizos que non estea vinculada directamente co obxecto destes contratos. No suposto de que a realice, será por iniciativa propia do traballador e por considerar que éstas son útiles e necesarias para a súa prestación de servizos no proxecto de investigación, sen que como consecuencia delas poida quedar modificada a natureza do contrato por servizo determinado que ten a relación contractual existente entre ás partes.
- 12.4. A xornada de traballo será a establecida pola Fundación Ramón Domínguez dentro das limitacións establecidas legalmente e será realizada habitualmente de luns a venres. Non obstante, o horario de traballo poderá sufrir modificacións que, por esixencias derivadas dos

traballos en curso que non admitan interrupción que incida gravemente no desenvolvemento destes, poidan ser establecidas polo responsable do proxecto de investigación.

- 12.5. O traballador terá como centro de traballo habitual a sede do IDIS no CHUS e/ou na USC. Non obstante, se como consecuencia do desenvolvemento da prestación de servizos para o proxecto o traballador ten que levar a cabo a súa actividade noutro lugar distinto, estará obrigado a trasladarse para realizar os traballos que lle son propios naquel lugar, sen que con isto se desvirtúe a natureza deste contrato, xa que ditos traballos serán necesarios e imprescindibles para o proxecto de investigación de que se trate.

### **13. TRANSFERENCIA DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL Á FUNDACIÓN RAMÓN DOMÍNGUEZ**

- 13.1. O traballador cede e transfire á Fundación Ramón Domínguez, sen reserva de ningún xénero, para todo o mundo e sen máis límites que os que por lei son irrenunciabes, a integridade dos dereitos de propiedade intelectual e industrial que lle corresponden ou puidesen corresponder polo traballo para o cal é contratado.

### **14. INCUMPRIMENTOS**

- 14.1. O adxudicatario debe manter as condicións esixidas na presente convocatoria dende a concesión do contrato á que fai referencia a presente convocatoria ata a súa finalización.
- 14.2. O incumprimento total ou parcial dos requisitos e obrigas establecidas neste programa dará lugar á apertura dun expediente de incumprimento, cuxa resolución poderá supor a revogación do contrato parcial ou totalmente, e a obriga de reintegrar a cuantía percibida.

Santiago de Compostela a 16 de novembro de 2017



SERVIZO XERENTE Xerencia de Xestión Integrada  
SALEGO SAUDE de Santiago de Compostela  
**XERENTE**

ASDO.- Eloína Núñez Masid  
Presidenta Patronato Fundación Ramón Domínguez